



# GUÍA DE LECTURA



**"A Señorita Bubble: Deus salve as raíñas"** é un libro escrito por **Ledicia Costas**. O seu carácter convérteno nun texto de interese para todas as persoas centrado nas aventuras de Bubble.



O libro **A Señorita Bubble: Deus salve as raíñas** trata de como a señorita Bubble recibe unha carta de Isabel II e ten que viaxar de inmediato ao Palacio de Buckingham. A raíña está en problemas, hai unha invasión de ratas na cidade de Londres. Conseguiron entrar no palacio e roubaron unha das pezas máis valiosas da colección de Isabel II. Os roedores actúan baixo as ordes de Jack White, un cazador de ratas que conseguiu adestrálas coa intención de dominar o Reino Unido. A inventora vai ter que desprezar todo o seu enxeño para recuperar a peza roubada e tamén para que a paz regrese a Londres.

Esta é Bubble:



*Para saber un pouco máis sobre o autor, podedes ler esta minibiografía:*

## **LEDICIA COSTAS**

(Vigo, 19 de setembro de 1979)

Leticia Costas Álvarez (Vigo, 19 de setembro de 1979) é unha avogada española e escritora en lingua galega, que en 2022 converteuse na única autora en gañar o premio Lazarillo de literatura infantil en tres edicións.



Leticia Costas é autora de máis de 20 libros infantís e xuvenís. Obtivo o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil en 2015 pola obra *Escarlatina, a cociñeira defunta*. Segundo o xurado do premio, trátase de "unha obra extraordinaria, humorística e rompedora no contexto da literatura infantil e xuvenil actual que destaca tamén pola súa

fácil lectura, polo seu humor arrepiante, e pola habilidade para desmitificar o mundo da morte”.

O libro, traducido a numerosas linguas como castelán, catalán, inglés, coreano, búlgaro, italiano, romanés, portugués e persa e vendeu 30.000 exemplares en galego e 25.000 en castelán.

En 2016 publicou o libro de relatos *Un animal chamado néboa*. En situacións límite é cando as persoas sacan a relucir comportamentos insólitos, para ben e para mal.

En 2019 publicou a súa primeira novela para adultos, *Infamia*, inspirada no caso do asasinato de Marta do Castillo.

A novela está protagonizada por Emma Cruz, unha avogada e profesora de Dereito que acode a unha localidade imaxinaria de Galicia para investigar a desaparición de dúas irmás.

En 2021 publicou *Golpes de luz*, unha novela tenra con humor sobre os segredos nas vidas de tres xeracións na Galicia rural. O narcotráfico na Galicia dos anos noventa, os coidados e a procura da verdade enmarcan a historia.

En 2024 publicou *Pel de cordeiro*, a vida de dúas mulleres unidas durante dous séculos pola forza máxica e imparabile da bruxería.

Na primeira parte *Catalina*, que pertence a unha estirpe de bruxas nos últimos anos da Inquisición, se cría en Merlo, nunha consulta onde acoden enfermos con todo tipo de doenzas. Na segunda, *Lola*, unha muller do século XXI que está a atravesar unha crise, entra en contacto cunhas forzas que non comprende.

## PREGUNTAS PARA TRABALLAR A LECTURA

1 Quen é a protagonista da historia?

.....

2 Como se chama a autora do libro?

.....

3 En que cidade naceu a autora do libro?

.....

4 Cal é a profesión de Leticia Costas?

.....

5 Como comeza a historia?

.....

6 Que baixa do coche ?, .....

7 Que profesión ten Bubble?

.....

8 Que ía dentro da gaiola que portaba Bubble?

.....

9 Quen lle enviara a carta a Bubble?

.....

10 Que traballo tiña Gordon?

.....









Fai un debuxo da escena que máis che gustou do libro.

## AVALIACIÓN

Indica si son verdadeiras ou falsas as seguintes afirmacións:

- Os protagonistas son Bubble e o seu fillo.
- A autora do libro chámase Leticia.
- A historia comeza coa apertura dun supermercado.
- Bubble ten un irmán.
- A raíña tiña medo de que lle roubaran a coroa.
- Ao final as ratas están vivindo nunha illa.
- Jack White tiña unha fábrica de queixos.
- Gordon e Melisa traballan para Isabel II.
- Vicent é fillo de Bubble.

COLOREA A TÚA OPINIÓN SOBRE O LIBRO



GUSTÁRONCHE AS ACTIVIDADES



COLOREA A TÚA OPINIÓN SOBRE O CONCURSO



CONTESTA: Recomendarías a lectura deste libro.

////////////////////

Ledicia Costas

# A Señorita Bubble

Deus salve as raíñas



ilustracións de Andrés Meixide

XERAIS

agapea.c